

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 5 DE MAIO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Proxecto de lei de mobilidade de terras.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria mediante a implantación da rotonda na PO-400, p.q 18 + 550, travesía de Arbo". (Clave: PO/11/016.06).

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se estable o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en xardinaría e floraría.

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Decreto polo que se dispón o cesamento dun vogal do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia.

- Decreto polo que se dispón o nomeamento dun vogal do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia.

## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a posta en funcionamento do Proxecto Europeo Plurirrexional ARIEM 112 (Asistencia Recíproca Interrexional en Materia de Emerxencias 112), enmarcado no Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013 (POCTEP).
- Acordo polo que se interpón, de conformidade co disposto no artigo 32.2 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, un recurso de inconstitucionalidade en relación ao Real decreto-lei 2/2011, do 18 febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Folgoso do Courel, para a execución da obra: "Dotación de infraestruturas no núcleo de Santa Eufemia. Concello de Folgoso do Courel (Lugo)", clave oh.527.602, por importe de catrocentos sesenta e dous mil setecentos sete euros con oito céntimos (462.707,08 euros).
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de vinte millóns novecentos sesenta e nove mil sesenta e nove euros (20.969.069,00 euros), da obra de conservación ordinaria e vialidade invernal. Ourense.
- Acordo da aprobación definitiva do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo (Pontevedra).

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello da Laracha, para a execución do proxecto de mellora e ampliación da infraestructura existente no concello da Laracha, por un importe total de seiscentos corenta e un mil novecentos trinta e un euros con corenta e nove céntimos (641.931,49 euros).

- Acordo polo que se autoriza o Igape para establecer condicións especiais de subsidiariedade e exceptuar a solicitude da achega de garantías reais na concesión dun aval, por importe de sete millóns de euros (7.000.000,00 euros) a Construcciones Navales P.Freire, S.A. Expediente N° AV/0734.
- Acordo polo que se autoriza o Igape para manter as condicións especiais de subsidiariedade e a superar o prazo de vixencia máximo de 5 anos, na modificación de determinadas condicións nun aval concedido a Seguridad Gallega Nosa Terra, S.A. Expediente nº AV/0262.
- Acordo polo que se autoriza o Igape para establecer condicións especiais de subsidiariedade e exceptuar as beneficiarias da achega de garantías reais nas operacións que se aproben ao abeiro das bases reguladoras para a habilitación dunha liña de avais do Igape para facilitar ás empresas galegas o acceso a financiamento operativo adicional, instrumentadas mediante convenio coas entidades colaboradoras (Plan Re-brote 2011).

#### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2011 e 2012 de programas integrados para o emprego e adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1. b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Importe total: Tres millóns oitocentos vinte e un mil novecentos corenta euros (3.821.940,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Baralla, para a finalización das obras do punto de atención á infancia municipal por un importe de cento sesenta e tres mil cento e seis euros e oito céntimos (163.106,08 euros).

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de expropiación da parcela núm. 60 do ámbito territorial do Plan Parcial do SU-22 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo sobre a do monte

---

veciñal en man común da Comunidade de Noalla, concello de Sanxenxo, Pontevedra. Superficie afectada: 1.330 m<sup>2</sup>.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre o proxecto de decreto de colaboración técnico–financeira entre a Administración hidráulica de Galicia e as entidades locais”.
- Informe sobre o proxecto de decreto polo que se aproba o regulamento marco do servizo de depuración en Galicia
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reconstrución dun muro na marxe dereita da estrada AC-550 CEE-RIBEIRA PK 64 + 900, por unha contía aproximada de cento catorce mil trescentos seis euros con nove céntimos de euro (114.306,09 euros).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a planificación do Expediente-e.
- Informe sobre os resultados da oferta pública de emprego (OPE) 2008 do Servizo Galego de Saúde e o Plan de acollida do persoal de novo ingreso.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre a posta en funcionamento do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro.

---

## O CONSELLO APROBA O PROXECTO DE LEI DE MOBILIDADE DE TERRAS, CO OBJECTIVO DE REFORZAR A COMPETITIVIDADE DO AGRO

- *A nova norma elaborada pola Consellería do Medio Rural elimina o dereito de tanteo e retracto que permitía ao Banco de Terras frustrar calquera operación de compravenda dun predio para facerse con esa propiedade*
- *Amplíase o ámbito de actuación do Banco de Terras a todas as parcelas con vocación agraria de Galicia*
- *Propónse un novo marco de colaboración co Estado para poder aproveitar a riqueza produtiva das máis de 320.000 parcelas de propietarios descoñecidos, que suman 5.600 hectáreas de superficie*

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao Proxecto da Lei de mobilidade de terras, que ten como principal obxectivo reforzar a dinamización do agro galego mediante o aproveitamento e optimización de todo o potencial que ofrece o Banco de Terras como instrumento para incrementar a produtividade e a riqueza do medio rural.

As melloras que recolle a nova norma elaborada pola Consellería do Medio Rural, en comparación coa anterior *Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia*, estrutúranse en catro eixos fundamentais: a derogación do dereito de tanteo e retracto, a ampliación da base de actuación territorial e das funcións do Banco de Terras, a capacidade de actuación sobre os bens de propietarios descoñecidos e o fomento de medidas e estímulos que faciliten a incorporación voluntaria de bens ao Banco de Terras por parte dos propietarios.

### **Tanteo e retracto**

O dereito de tanteo e retracto que en virtude da Lei 7/2007 pode exercer o Banco de Terras ante calquera operación de compravenda de parcelas que se rexistre en Galicia é unha opción preferente de compra da Administración que se considera intervencionista e que está a frear o mercado de compravenda de terras.

Por un lado, esta norma complica a burocracia administrativa –debido a que en cada operación o Banco de Terras debe comunicar ao propietario a súa renuncia a ese ben– e, por outra, xera un clima de inseguridade e incerteza entre os propietarios, posto que o interese público por unha parcela pode frustrar calquera acordo de compravenda entre particulares.

### **Ampliación do ámbito de actuación**

Outro dos cambios substanciais introducidos polo departamento que dirixe Samuel Juárez radica na ampliación do ámbito de actuación do Banco de Terras, que na Lei

---

7/2007 estaba limitado á superficie agraria útil dentro das Zonas de Especial Interese Agrario e que na nova norma aprobada hoxe polo Consello pasará a comprender todos os predios con vocación agraria de todo o territorio galego. Así, facúltase ao Banco de Terras para actuar en superficies forestais e incluso en zonas cualificadas como urbanas, que na actualidade están a ser empregadas con uso agrario.

A diferenza coa Lei 7/2007, o anteproxecto da Lei de mobilidade de terras tamén prevé un novo marco relacional entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para posibilitar a mobilización e o aproveitamento das 320.000 predios rústicos existentes en Galicia de propietarios descoñecidos, que suman unha superficie de 5.600 hectáreas.

Neste eido, a Consellería do Medio Rural pretende que o Banco de Terras, sen pór en discusión a titularidade dos predios, poida xestionar toda esa superficie de propietarios descoñecidos para aproveitala dende un punto de vista produtivo, contribuíndo a mellorar as condicións de cultivo e a incrementar o seu valor.

### **Máis funcións para o Banco de Terras**

Co obxecto de ampliar as funcións do Banco de Terras e impulsar a incorporación dos bens por parte dos propietarios, a nova lei establece diversas medidas de estímulo, como garantir aos propietarios das terras a percepción dos prezos de referencia polo arrendamento dos seus bens –con independencia de que o importe acordado entre ambas as partes ou ofertado polo potencial arrendatario sexa superior–.

Con esta medida, o prezo pasará a ser un factor de concorrencia á hora de optar máis dun arrendatario ao mesmo predio, o que incrementará o atractivo do Banco de Terras para os propietarios que queiran incorporar as súas leiras, xa que poderán obter do arrendamento delas un beneficio económico maior.

Por outra banda, a nova lei faculta o Banco de Terras para ofrecer servizos de intermediación entre terceiros para o arrendamento ou aluguer de instalacións vencelladas ás explotacións agrarias. Ademais, tamén dará soporte legal aos traballos de investigación e clarificación da propiedade das terras, que ata o de agora só podían facerse por parte da Comunidade Autónoma a través do decreto de concentración parcelaria.

Coa finalidade de fixar poboación e de xerar riqueza no territorio rural, o Banco de Terras tamén ampliará os destinos e usos das parcelas incorporadas e arrendadas alén do uso agrario xa recollido na Lei 7/2007. Así, o Banco de Terras poderá actuar sobre predios que teñan unha clara vocación de seren empregados para a

---

conservación da natureza e do patrimonio histórico ou a ordenación de leiras forestais, entre outros moitos usos.

**Doazón de predios a outras administracións**

Coa nova norma, poderanse doar masas comúns propiedade do Banco de Terras a entidades locais se estas teñen un fin ou interese social ou ambiental. Moitas destas leiras xa están ocupadas hoxe en día por auditorios, cemiterios, campos de fútbol etc., e sería este punto un xeito de regularizar esta situación. Neste momento existen case 400 peticións de concellos para esta cesión.

Finalmente, a Lei de mobilidade de terras tamén elimina as *Zonas de Especial Interese Agrario* (ZEIA), que tal e como figuraban na Lei 7/2007 estaban a provocar discriminacións entre comarcas en cuestións como a aplicación do dereito de tanteo e retracto. Pola contra, establece a posibilidade de decretar *Zonas de Actuación Agraria Prioritaria* coa finalidade de adoptar nesas áreas medidas dinamizadoras e de reactivación da economía rural baseándose nos seus especiais valores agrarios ou ambientais.

---

## A XUNTA MODIFICA A REGULACIÓN DO REXISTRO GALEGO DE AXENTES DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO, CO FIN DE ACTUALIZALO E MELLORAR A SÚA OPERATIVIDADE

- ***As modificacións realizadas no decreto de creación deste rexistro correspóndense cunha demanda do sector e permitirá, entre outros aspectos, facilitar a súa depuración e axilizar a xestión das inscricións***

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde á modificación do decreto polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento. A modificación, que responde a unha demanda constante do sector, permitirá actualizar o Rexistro e mellorar a súa operatividade.

O dito decreto, que desenvolve a Lei galega de cooperación para o desenvolvemento - de 2003-, ten por obxecto regular a inscrición dos axentes de cooperación recoñecidos nesta norma, tales como ONGD, empresas, sindicatos e outros axentes sociais. Os axentes de cooperación deben ter sede social ou delegación permanente en Galicia e desenvolver programas e proxectos de cooperación en colaboración coa comunidade autónoma, co fin de poder acceder ás axudas e subvencións públicas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A normativa anterior, se ben resultou útil para mellorar a información de que dispón a Administración sobre os axentes de cooperación para o desenvolvemento, logo de cinco anos de xestión con esta normativa detectáronse unha serie de aspectos que debían ser mellorados no que fai referencia á xestión dos datos existentes no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, algo que o sector da cooperación demandara en varias ocasións.

Neste sentido, entre as novidades máis importantes da modificación do rexistro que se vén de aprobar hoxe no Consello, está a redución do número de seccións do rexistro, que redundará nunha mellor xestión ao pasaren de cinco a catro, desaparecendo a necesidade de inscrición das comunidades galegas no exterior que consten inscritas no seu propio rexistro, dependente da Secretaría Xeral da Emigración.

Ademais disto, co fin de facilitar a depuración do rexistro, establécese a necesidade de comunicación da modificación dos datos inscritos polas distintas entidades inscritas e regúlase un procedemento de suspensión e, no seu caso, cancelación das inscricións das ditas entidades por inactividade ou por incumprimento das obrigas establecidas no decreto.



---

Finalmente, establécese como disposición transitoria a necesidade de que no prazo de 6 meses desde a entrada en vigor do novo decreto os axentes de cooperación adecuen a súa inscrición á nova normativa. Para este fin, a unidade administrativa responsable do rexistro revisará as inscricións anteriores á entrada en vigor da modificación do decreto.

## A XUNTA INICIARÁ AS OBRAS DA ROTONDA NA TRAVESÍA DE ARBO DESPOIS DO VERÁN CO OBXECTIVO DE MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NESTE CONCELLO PONTEVEDRÉS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a urxente ocupación dos bens e dereitos para poder comezar o proceso expropiatorio neste ano, tal e como comprometera o conselleiro de Medio Ambiente*
- *A actuación afectará sete leiras, para as cales se dispón un orzamento de expropiacións de preto de 17.000 euros*
- *A execución desta infraestrutura, que conta cun orzamento de máis de 208.000 euros, permitirá reordenar a intersección no punto quilométrico 18+550 da estrada PO-400 para mellorar a visibilidade e a seguridade da vía*
- *A Consellería de Medio Ambiente está a redactar tamén o proxecto de mellora dunha segunda intersección da estrada PO-400 á altura do punto quilométrico 19+660, cuxo orzamento previsto é de case 320.000 euros*

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia autorizou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dunha rotonda para mellorar a seguridade viaria na travesía de Arbo, concretamente no punto quilométrico 18+550 da PO-400 (Salvaterra-Filgueira) ao seu paso polo devandito concello pontevedrés.

Logo desta autorización comezará o proceso de expropiación, co obxectivo de que poidan iniciarse as obras despois deste verán, tal e como comprometera o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández.

Nesta actuación, o Executivo autonómico investirá 208.454 euros, empregando preto de 17.000 euros para sufragar as indemnizacións para as sete leiras afectadas nas expropiacións.

O obxecto das obras, que beneficiarán os preto de 4.000 veciños de Arbo, é dar solución aos problemas de tráfico provocados por unha intersección en cruz situada nunha zona urbana consolidada en que conflúe un importante número de vehículos, xa que unha das vías serve de conexión co centro urbano de Arbo, mentres que a estrada principal (PO-400) une as localidades pontevedresas de Salvaterra e Filgueira.



---

A visibilidade nesta zona é insuficiente por mor da proximidade das edificacións, o que da lugar a situacións de perigo para o condutor á hora de levar a cabo as distintas manobras.

**Segunda intersección**

Esta actuación complementarase con outra rotonda nesta estrada, á altura do punto quilométrico 19+600. A Consellería está a redactar este proxecto dunha segunda intersección da estrada, cuxo orzamento previsto é de case 320.000 euros

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione aos usuarios da rede unhas condicións de conducción cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico

## A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ADAPTA O CURRÍCULO DO CICLO DE GRAO MEDIO XARDINARÍA E FLORARÍA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto para a adaptación destes estudos á Lei das cualificacións profesionais e á Lei orgánica de educación*
- *Esta titulación dá resposta á demanda crecente de traballadores que xera un sector en expansión como é o da xardinaria*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á adaptación do ciclo de grao medio en xardinería e floraría á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións profesionais. Deste xeito dáse resposta á un sector en expansión, como é o da xardinaria, que está a xerar unha demanda crecente de traballadores cualificados para a instalación e o mantemento de xardíns, que sexan capaces de implantalos, de realizar podas en altura de árbores de grande porte, de realizar o mantemento tamén de piscinas ou de calquera instalación que se atope en espazos axardinados.

Cómpre destacar que na actualidade existe unha preocupación polo benestar social que leva as administracións públicas á creación de espazos verdes destinados ao uso recreativo e de esparexemento.

### **Competencias dos titulados**

Ao abeiro deste novo currículo, os titulados terán a competencia para instalar, conservar e restaurar xardíns de exterior e interior, así como pradarías para uso deportivo, e realizar as actividades de produción de plantas e de floraría, manexando e mantendo a maquinaria e as instalacións, consonte a normativa ambiental, de control de calidade e de prevención de riscos laborais.

As persoas que obteñan esta titulación poderán exercer a súa actividade en empresas públicas e privadas dedicadas á instalación, o mantemento e a mellora de xardíns de interior e de exterior, e zonas verdes, á produción de plantas e terróns de céspede en viveiro e á creación e elaboración de composicións e ornamentacións con flores e plantas. Ademais, desenvolve actividades de comercialización e distribución, tanto por conta propia como por conta allea. Así mesmo, está capacitado para realizar tratamentos praguicidas, segundo a actividade regulada pola normativa e de acordo coa lexislación sobre prevención de riscos laborais.

### **Prevención de riscos e mobilidade**

A formación establecida neste decreto capacita, ademais, para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

---

Así mesmo, os currículos adaptados inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional

Ademais, e co fin de favorecer a mobilidade entre estudos, neste currículo establécese a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención; así como os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

---

## O CONSELLO DA XUNTA NOMEA VOGAL DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE PORTOS DE GALICIA A DIRECTORA XERAL DE INFRAESTRUTURAS, ETHEL VÁZQUEZ

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Ethel Vázquez Mourelle, actual directora xeral de Infraestruturas, como nova vogal do Consello de Administración de Portos de Galicia. O Consello tamén acordou na mesma reunión de Goberno o cesamento de Isabel Vila Barbosa, que viña exercendo o dito cargo ata o día de hoxe.

O Consello acordou que Ethel Vázquez será a representante do departamento de Infraestruturas no Consello de Administración en substitución de Isabel Vila, logo do cesamento desta última como directora xeral deste departamento no pasado mes de setembro. O cesamento produciuse a petición propia e por motivos persoais.

### **Ethel Vázquez**

Ethel Vázquez Mourelle é enxeñeira de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña. Dende o cesamento de Isabel Vila, en setembro de 2010, é a responsable da Dirección Xeral de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Ata esa data e dende o mes de maio de 2009, co novo Goberno da Xunta, viña exercendo o cargo de presidenta de Augas de Galicia e da EPOSH, período en que redactou a nova Lei de augas -que xa foi aprobada-, se puxeron en marcha os plans de saneamento específicos para as rías do Burgo e Arousa, se iniciou o borrador do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa e se elaborou o novo Plan de Infraestruturas Hidráulicas de Galicia.

A traxectoria profesional de Vázquez Mourelle estivo relacionada con Augas de Galicia dende o ano 2003, e a partir de 2005 foi nomeada xefa da área técnica da EPOSH. Entre 1996 e ata o seu paso á Administración autonómica, traballou en diversas consultoras de enxeñaría de Galicia.

---

## A XUNTA PON A ANDAR O PROXECTO ARIEM 112 EN COORDINACIÓN CON CASTELA-LEÓN E PORTUGAL PARA A XESTIÓN DE EMERXENCIAS

- *Trátase dun proxecto ambicioso e sen precedentes que favorece a asistencia recíproca, inmediata e conxunta entre as tres rexións*
- *Optimízanse medios e recursos, o que se traduce na minoración do tempo de resposta e na xestión eficaz da emerxencia*

O Consello da Xunta vén de autorizar a posta en marcha do proxecto europeo plurirrexional ARIEM 112 (Asistencia Recíproca Interrexional en Materia de Emerxencias 112), que está enmarcado no programa de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal (POCTEP).

O proxecto ARIEM é un programa de actuación integral que favorece a asistencia recíproca, inmediata e conxunta optimizando medios e recursos, o que se traduce nunha minoración dos tempos de resposta e na xestión eficaz da emerxencia, calquera que sexa o lugar onde xurda a incidencia. Este proxecto realizase por primeira vez nestas tres rexións: Galicia, Castela-León e a rexión norte de Portugal.

A través do proxecto, preténdese aumentar os niveis de cobertura plurirrexional, en materia de atención ás emerxencias, consolidando e institucionalizando mecanismos de colaboración, cooperación e comunicación entre as tres zonas implicadas.

As actuacións que compoñen o conxunto do proxecto van dirixidas a coordinar as intervencións, a racionalizar os criterios de adquisición e mobilización de recursos, a optimizar os medios existentes con redución de custos, a acadar unha maior profesionalización dos servizos de atención de emerxencias, a través da formación do persoal en materia de equipamento e infraestruturas, e ao aproveitamento das novas tecnoloxías da información e da comunicación

O proxecto permitirá impulsar a cooperación transfronteiriza na análise de métodos e modelos de xestión nos centros de emerxencia 112 para a súa mellora constante, e o desenvolvemento dun programa conxunto de dotación de recursos de infraestruturas materiais, informáticas, de comunicacións e medios na cooperación transfronteiriza.

O obxectivo principal do proxecto é implementar un mecanismo de colaboración permanente entre os servizos de xestión de emerxencias das zonas implicadas, mediante a implantación de ferramentas comúns, formación técnica, implantación de métodos e protocolos de intervencións comúns a todos os servizos, mellorando desta maneira o coñecemento dos distintos centros de atención de emerxencias entre si, e establecendo protocolos de atención conxunta con pactos de axuda mutua.

---

O feito de que os servizos de emerxencia e salvamento estean sometidos a réximes diferenciados nos seus esquemas de organización, funcionamento e dispoñibilidade de recursos, pola pertenza a distintos países supón a existencia de dificultades á hora de coordinar esforzos na prestación do servizo, polo que este proxecto facilita que todos os cidadáns teñan unha protección e asistencia de calidade, e que os cidadáns destas zonas poidan ter o mesmo nivel de resposta ante situacións de emerxencia.

Esta actuación suporá un investimento de 400.000 euros, cofinanciados polo FEDER ao 75%, e está previsto que estea rematado a finais de 2012.



---

## A XUNTA ACORDOU IMPUGNAR ANTE O TC O DECRETO QUE DEIXA SEN EFECTO, CASE BALEIRA DE CONTIDO, AS COMPETENCIAS AUTONÓMICAS EN MATERIA DE CAIXAS

- *A Asesoría Xurídica xustifica en algúns puntos os argumentos para acudir ao Tribunal Constitucional*
- *O Real decreto lei 2/2011 introduce un cambio radical e inmediato das regras de xogo*
- *Supón unha modificación do plan de integración de Novacaixagalicia autorizado polo Banco de España*
- *Obrigou a caixa galega a iniciar un novo proceso de recapitalización, con novas regras e exixencias*

O Consello da Xunta aprobou hoxe interpoñer un recurso ante o Tribunal Constitucional (TC) ao Real decreto lei 2/2011, que deixa sen efecto, e case baleira de contido, as competencias de Galicia en materia de caixas.

A Asesoría Xeral da Administración autonómica xustificou en algúns puntos os argumentos para acudir ao TC e impugnar un decreto que introduce un cambio radical e inmediato das regras de xogo e supón unha modificación do plan de integración da caixa galega autorizado polo Banco de España, polo que se viu obrigada a iniciar un novo proceso de recapitalización, con novas regras e exixencias.

Entre as razóns que motivan esta decisión, esta que non se xustifica a extraordinaria e urxente necesidade deste Real decreto lei 2/2011, posto que a recapitalización das caixas xa estaba prevista e regulada no Real decreto lei 9/2009, e os instrumentos necesarios xa se recollían no Real decreto lei 11/2010.

Igualmente o Goberno galego entende que vulnera o principio de confianza lexítima e seguridade xurídica, xa que as entidades que actuaron amparadas polas normas vixentes, e confiando na súa vixencia durante un prazo de ao menos cinco anos, ven cómo as actuacións realizadas as prexudican e deben volver modificar os seus plans de actuación para o futuro, consonte os novos requirimentos de capital, e partindo dunha situación de desvantaxe competitiva.

En concreto, en relación con Novacaixagalicia, a Comisión Executiva do Banco de España aprobou en xuño de 2010 o Plan de Integración considerando que, a xuízo do regulador, cumpría os criterios de solidez e racionalidade económica que deben exixirse a este tipo de operacións.

---

Posteriormente, en novembro de 2010 o Banco de España non formulaba obxeccións ao proxecto de fusión considerando a solvencia, rendibilidade e liquidez da nova entidade, que os custos asociados ao proxecto son asumibles pola nova caixa e que a operación xerará sinerxias por redución de gastos e economías de escala, co conseguinte incremento de eficiencia e rendibilidade.

A caixa galega, seguindo este plan de integración, realizou saneamentos contra reservas polo importe de máis de 2.000 millóns de euros e iniciou a súa andaina en decembro de 2010, atendendo a un plan corroborado polo Banco de España, e que tiña un prazo de execución de cinco anos.

### **Sen este cambio as necesidades de capital serían moito menores**

De coñecer o cambio radical nas regras de xogo, a caixa non tería realizado os ditos axustes e necesitaría moitos menos millóns de euros para chegar ao 10% de capital principal.

A Xunta tamén sinala que o Real decreto lei vai contra a irretroactividade das normas xurídicas, pois para o cálculo dos activos ponderados por risco deben terse en conta os datos do 31 de decembro de 2010, sen poder considerar as operacións realizadas nos primeiros meses do ano 2011 (en execución do plan de integración) e que impliquen unha mellora nas ratios de capital da entidade.

Por outra parte, a norma vulnera os principios de igualdade e de interdición da arbitrariedade, xa que outorga un tratamento discriminatorio ás caixas de aforros fronte aos bancos e ás cooperativas de crédito, coa exigencia para as caixas de aforros de modificar a súa forma xurídica, traspasando o seu negocio financeiro a un banco.

Adicionalmente, os criterios elixidos polo Goberno para decidir que entidades teñen que acadar o 8% e cales o 10% de capital principal son uns criterios arbitrarios, que non están relacionados directamente coa solvencia das entidades, se non coa súa forma xurídica, de xeito que beneficia os bancos e cooperativas de crédito (exigencia dun 8%), e prexudica a maioría das caixas de aforros (dun 10%). Tamén se manifesta un problema de desigualdade e de desvantaxe competitiva de todas as entidades financeiras españolas fronte ás entidades do resto de Europa.

### **Atenta contra competencias exclusivas de Galicia**

O Executivo galego considera que se vulneran as competencias exclusivas de Galicia; ao eliminar a intervención das comunidades autónomas en todos os niveis, en particular, mediante a regulación exhaustiva dos órganos de goberno das caixas.

---

## MEDIO AMBIENTE DOTARÁ SANTA EUFEMIA, EN FOLGOSO DO COUREL, DUNHA DEPURADORA, UNHA REDE DE PLUVIAIS E UN NOVO SISTEMA DE ABASTECIMENTO MEDIANTE A ACHEGA DE MÁIS DE 462.000 EUROS

- *Estas obras hidráulicas solucionarán problemas de saneamento e abastecemento nesta zona do concello lucense que carece na actualidade de rede de recolla de augas fecais e conta cunha rede de abastecemento deficiente*
- *Esta actuación contribuirá ao bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados, eliminando as insalubres fosas sépticas.*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Folgoso do Courel para a dotación de infraestruturas de saneamento e abastecemento do núcleo de Santa Eufemia.

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, realizará unha achega económica de máis de 462.000 euros para a execución dunha rede de recolla de fecais e un sistema de depuración, así como para a mellora da rede de abastecemento. O prazo de execución destas obras é dun ano.

### Obras

As obras que se van executar consisten na instalación dunha rede de saneamento de 1.685 metros de colectores cos seus correspondentes pozos de rexistro. Tamén se colocará un pozo de bombeo e impulsión para recoller as casas situadas a menor cota.

O proxecto inclúe unha estación depuradora de augas residuais (EDAR) integrada por unha arqueta de desbaste, decantador, cámara de descarga, leito bacteriano, decantador secundario e arqueta de inspección. A saída do efluente tratado cara ao punto de vertedura das augas depuradas realízase a través dun colector.

A rede de abastecemento, que será renovada, abrangue 1.316 metros. Realizarase unha reposición de pavimentos e servizos afectados.

### Antecedentes

Estas obras hidráulicas preséntanse como unha solución aos problemas de saneamento e abastecemento nesta zona do concello lucense de Folgoso de Courel. Na actualidade, Santa Eufemia carece de rede de recolla de augas fecais e a recolla de pluviais tan só se realizan no contorno da estrada LU-651, a través de cunetas en formigón e terras.

---

Unha das finalidades desta actuación é contribuír ao bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados, a través da execución dunha rede de saneamento axeitada, recollendo as augas fecais e eliminando as insalubres fosas sépticas.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración económica e financeira cos concellos galegos, pretende dotalos daquelas infraestruturas das cales carecen. Deste xeito, mellórase a calidade de vida dos cidadáns e foméntase o desenvolvemento social e económico dos municipios.

---

## O GOBERNO GALEGO INVISTE 21 MILLÓNS DE EUROS NA CONSERVACIÓN DOS CASE 1.000 QUILÓMETROS DA REDE VIARIA AUTONÓMICA DA PROVINCIA DE OURENSE

- *Os contratos aprobados hoxe terán vixencia durante cinco anos e supoñen un beneficio para os máis de 335.642 habitantes da provincia de Ourense*
- *Estas actuacións significan a garantía do mantemento das estradas de titularidade autonómica logrando a vialidade, tanto en condicións normais como ante os efectos meteorolóxicos adversos*
- *Así mesmo, búscase un tempo de resposta curto ante accidentes, urxencias, emerxencias e deterioracións, de forma que a circulación non se vexa afectada o mesmo que a seguridade viaria*
- *O Consello da Xunta leva aprobados este ano este ano 7 contratos para a conservación dos máis de 5.000 quilómetros da rede autonómica de estradas, por un importe de 105 millóns de euros*

A Xunta de Galicia aprobou, na súa reunión do Consello de hoxe, un investimento de 21 millóns de euros para levar a cabo dous novos contratos, centrados en actuacións de conservación ordinaria e vialidade invernal nas estradas de toda a provincia de Ourense. Os principais obxectivos deste conxunto de accións son garantir o mantemento da rede de estradas de titularidade autonómica, tanto actual como a futura, permitindo unha axeitada limpeza e coidado da rede viaria, tanto en condicións normais como ante os efectos meteorolóxicos adversos, así como mellorar o Plan de Vialidade Invernal da Xunta de Galicia.

A adxudicación do contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta suporá un beneficio para os máis de 335.000 habitantes da provincia de Ourense.


### **Obxectivos principais**

O contrato de conservación ten como obxectivo levar a cabo distintas actividades de axuda á vialidade, operacións que son totalmente necesarias e imprescindibles para facilitar ou facer posible a circulación dos vehículos na infraestrutura existente. Neste punto, merece especial atención o Plan de Vialidade Invernal da Xunta de Galicia. Por outra banda, tamén se farán accións de conservación ordinaria, destinadas a evitar todo o posible o proceso de degradación das características funcionais ou estruturais dos elementos das estradas. Neste programa, os traballos que se van desenvolver pódense dividir en:

- Reparación das características funcionais e estruturais dos elementos da estrada degradados.

- Labores de roza e limpeza das marxes das estradas, co obxectivo de paliar posibles incendios e garantir as distancias mínimas de visibilidade.
- Reposición da sinalización horizontal e da sinalización vertical deteriorada.

Así mesmo, realizaranse actuacións de axuda á viabilidade no caso excepcional de incidencias relevantes ou emerxencias.



Os contratos de conservación de estradas permiten manter de forma eficiente rede viaria, facilitando a circulación dos vehículos e mellorando a seguridade. Ademais, mantense un tempo de resposta curto ante accidentes, urxencias, emerxencias e deterioracións, de maneira que a circulación non se vexa afectada, o mesmo que a propia seguridade viaria.

Esta actuación aprobada hoxe para mellorar as estradas de titularidade autonómica da provincia de Ourense inclúense dentro do Programa de conservación e mantemento do Plan Move.

---

### **Plan de Vialidade Invernal**

Outro dos fitos importantes deste programa de conservación é o Plan de Vialidade Invernal do Goberno galego, que busca facilitar a conducción durante os días de mal tempo, así como que as poboacións non se queden illadas. Os traballos neste eido van encamiñados ao desenvolvemento de medidas preventivas, como a extensión de fundentes, ou medidas para garantir a seguridade, como os quitaneves.

Coa posta en marcha desta liña de traballo, o Executivo autonómico pon á disposición os medios materiais e humanos necesarios en cada unha das provincias co obxecto de garantir e mellorar as condición de vialidade, que se poden ver dificultadas no inverno pola presenza de fortes choivas, a formación de placas de xeo ou a aparición de neve.

---

## **A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DA PASAXE, EN GONDOMAR, QUE PERMITIRÁ AMPLIAR A SÚA SUPERFICIE E DOTAR DE SERVIZOS ADECUADOS ÁS PRETO DE CEN EMPRESAS EXISTENTES**

- *A actuación permitirá regularizar as empresas xa asentadas na zona*
- *O parque empresarial ocupará unha superficie total de 859.947 metros cadrados, dos cales 348.888 serán de uso industrial*
- *Quedarán libres 163.000 metros cadrados para a implantación de novas empresas.*
- *Xestur Pontevedra acordará cos propietarios das empresas xa existentes a repartición dos custes de urbanización e posteriormente iniciará o expediente de expropiación para a adquisición dos terreos necesarios para completar a actuación*
- *O investimento total previsto na actuación é de máis de 27,6 millóns de euros, dos cales preto de 20 millóns corresponderán a obras de urbanización e máis de 5,7 millóns a adquisición de solo*
- *Esta actuación, promovida por Xestur Pontevedra, foi incluída no Plan de Solo Empresarial presentado ao Consello da Xunta en novembro de 2009*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto sectorial do parque empresarial da Pasaxe, situado na parroquia de Vincios, no concello pontevedrés de Gondomar.

O obxectivo deste proxecto sectorial é buscar unha solución para regularizar a situación das preto de cen empresas instaladas no dito polígono, dotándoas das infraestruturas precisas para desenvolver a súa actividade de conformidade cos actuais parámetros de sustentabilidade e respecto ao ambiente, tendo en conta que o seu desenvolvemento só é posible a través dunha xestión eficiente que faga o proxecto rendible economicamente.

Ademais, preténdese conseguir unha ordenación axeitada que permita dispor de solo apto para o asentamento de nova industria, así como todos aqueles equipamentos de apoio, con dotación dos servizos necesarios.

Esta actuación, promovida por Xestur Pontevedra, foi incluída no Plan de Solo Empresarial presentado ao Consello da Xunta en novembro de 2009.

O ámbito do parque empresarial da Pasaxe ocupa unha superficie total de 859.947 metros cadrados, dos cales 348.888,68 metros cadrados serán de uso industrial, parte dos cales están xa ocupados por empresas, polo que quedarán libres 163.000 metros cadrados.



---

### Urbanización

Unha vez aprobado o proxecto sectorial, Xestur Pontevedra terá que chegar a acordos cos propietarios das empresas xa existentes na zona sobre a repartición dos custos de urbanización e posteriormente iniciará o expediente de expropiación para a adquisición dos terreos necesarios para completar a actuación.

O investimento total previsto na actuación é de máis de 27,6 millóns de euros, dos cales preto de 20 millóns corresponderán a obras de urbanización e máis de 5,7 millóns a adquisición de solo.

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA ACHEGARÁ 500.000 EUROS AO CONCELLO DA LARACHA PARA MELLORAR A VÍA DE CONEXIÓN CON CERCEDA

- *A actuación consistirá na execución das obras do tramo comprendido entre o núcleo rural de Requesende e a estrada provincial CP-1913 que conecta coa comarcal AC-552 que, pola súa vez, se dirixe á autoestrada AG-55*
- *A dinámica de crecemento industrial positiva da Laracha, unida ao desenvolvemento do parque industrial do mesmo concello, constitúe un soporte para o investimento de primeiro nivel*
- *As obras de mellora teñen a finalidade de contribuír á nova implantación de proxectos empresariais e facilitar as condicións favorables á creación de empresas e diversificación do tecido produtivo da zona da Laracha*

O Consello da Xunta vén de autorizar a Consellería de Economía e Industria a sinatura dun convenio co Concello da Laracha para mellorar a vía de conexión co veciño concello de Cerceda. O departamento que dirixe Javier Guerra achegará 500.000 euros para a execución das obras, en virtude dos acordos recollidos para a promoción do desenvolvemento económico alternativo das comarcas mineiras do carbón.

A achega económica por parte da Consellería de Economía e Industria, que completará a parte fundamental dun investimento superior aos 600.000 euros, servirá para mellorar a variante de Requesende e a CP-1913 Cerceda A Laracha, e consistirá na execución das obras do tramo comprendido entre o núcleo rural de Requesende e a estrada provincial CP-1913 que conecta coa comarcal AC-552 que pola súa vez, se dirixe á autoestrada AG-55.

Esta actuación, como consecuencia da dinámica de crecemento industrial positivo da Laracha, unido ao desenvolvemento do parque industrial do mesmo concello, constitúe un soporte para o investimento de primeiro nivel, e mellorará e potenciará a comunicación terrestre cos centros económicos, sociais e lúdicos e sanitarios de toda a comarca.

Por este motivo, as obras de mellora teñen a finalidade de contribuír á nova implantación de proxectos empresariais e facilitar as condicións favorables á creación de empresas e diversificación do tecido produtivo da zona da Laracha.

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA FINANCIA A CONSTRUCCIÓN DUN BUQUE POR FREIRE MEDIANTE UN AVAL POR IMPORTE DE 7 MILLÓNS DE EUROS

- *O estaleiro vigués dá traballo a preto de 500 traballadores de media, entre propios e subcontratados*
- *O aval do Igape facilitará o acceso da empresa a un préstamo polo importe de 10 millóns de euros para a construción dun buque oceanográfico*

Mediante un aval por importe de 7 millóns de euros que vén de autorizar o Consello da Xunta, a Consellería de Economía e Industria financia a construción dun novo buque por Construcciones Navales Freire, que conta con dúas factorías situadas na zona industrial de Vigo, onde desenvolve tanto actividades de construción naval como de reparación de buques.

O préstamo de 10 millóns de euros apoiado mediante este aval, que será formalizado a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), permitirá á empresa financiar ata a finalización a construción dun buque oceanográfico. Actualmente Construcciones Navales P.Freire, S.A. conta cun cadro de persoal integrado por 67 traballadores propios, todos eles con contratos indefinidos, e 419 subcontratados de media.

Esta operación conta tamén co apoio de Pequenos y Medianos Astilleros Sociedad de Reconversión (Pymar). A operación mancomunada entre a Xunta, a través do Igape, e Pymar, permite deste xeito avalar o importe total do financiamento.

Construcciones Navales P. Freire, S.A. foi sempre unha empresa principalmente exportadora de buques, tanto pesqueiros, remolcadores, mercantes ou especiais, como oceanográficos, de vixilancia pesqueira ou buques multipropósito. Nas últimas décadas, o estaleiro entregou buques en África (Marrocos, Mauritania, Camerún e Namibia), Europa (Holanda, Dinamarca/Groenlandia, Gran Bretaña e Francia), América (Honduras, Panamá e Antillas Holandesas) e Asia (Indonesia).

O acceso ao financiamento é unha dificultade que está afectando especialmente ao sector naval galego, pola propia conxuntura económica e polas restricións que ultimamente aplica a sociedade estatal Pymar. Por esa razón, a Xunta de Galicia ten elevado o seu compromiso para atender as necesidades dun sector de interese estratéxico para Galicia. A Xunta está a facer esforzos extraordinarios para manter a actividade e o emprego no sector naval galego e leva mobilizado máis de 80 millóns de euros neste ámbito.

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA PRORROGA POR 3 ANOS O AVAL DE 910.000 EUROS CONCEDIDO A SEGANOSA

- ***A sociedade especializada en programas de formación integral para servizos de emerxencias manterá así a estabilidade financeira***
- ***A operación de prórroga permitirá á empresa dispoñer de tres anos de carencia para a amortización do préstamo avalado***

Economía e Industria prorroga, por un máximo de 3 anos adicionais, o aval de 910.000 euros concedido a Seguridade Gallega Nosa Terra, S.A. para dotar esta compañía da capacidade e estabilidade financeira suficientes para continuar desenvolvendo a súa actividade, consistente na explotación dun centro de formación integral para servizos de emerxencia.

Mediante a operación que vén de autorizar o Consello da Xunta, prorrógase por un período máximo de 3 anos a vixencia do aval para permitir que a entidade prestamista poida ampliar a vixencia do préstamo avalado para a reestruturación financeira de Seganosa, adaptando así o seu calendario de amortización á capacidade de reembolso da empresa.

A prórroga no prazo do aval público contribuirá a facilitar á sociedade maior estabilidade durante o período de amortización do préstamo avalado, ao incorporar un prazo de carencia de tres anos para a devolución do principal.

Xunto cos plans re-Brote e re-Solve, o programa de avais do Igape constitúe un instrumento fundamental da Consellería de Economía e Industria, que durante os últimos anos veu realizando un importante esforzo para procurar que as empresas galegas poidan acceder ao financiamento que precisan para manter a súa actividade con normalidade.

---

## O CONSELLO APROBA O PROGRAMA RE-BROTE 2011 QUE INCORPORA UN MAIOR COMPROMISO DA XUNTA NOS AVAIS DE FINANCIAMENTO DE CIRCULANTE PARA AS EMPRESAS GALEGAS

- *O novo plan entrará en vigor en canto sexa publicado no DOG, en datas próximas, e acollerá solicitudes ata o próximo 31 de outubro*
- *O programa facilitará operacións de circulante por un importe mínimo de 300.000 e complementará o re-Solve+, xa en vigor, e a liña xeral de avais do Igape*
- *O re-Brote 2011 incrementa en dez puntos a cobertura dos avais públicos e inclúe unha nova liña para pólizas de responsabilidade, liquidación e garantía de operacións mercantís*

A Consellería de Economía e Industria impulsa o Plan re-Brote 2011 para ampliar e mellorar o compromiso da Xunta para apoiar operacións de financiamento de circulante para as empresas galegas. O novo programa, que hoxe autorizou o Consello, cubrirá o financiamento operativo adicional das empresas a través de operacións a partir de 300.000 euros mediante avais que cubrirán entre o 50 e o 70% dos créditos.

A cobertura dos avais que se concedan a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ao abeiro do re-Brote 2011 mellorará en 10 puntos porcentuais as porcentaxes previstas na anterior convocatoria e cubrirá ata o 50% das pólizas de crédito para circulante, ata o 60% nas liñas de crédito para adianto de facturas e ata o 70% no caso de pólizas de xestión de pagamentos a provedores (*confirming*).

A estas liñas melloradas, no re-Brote 2011 engádese unha cuarta liña, nova, para avalar ata o 50% de pólizas de responsabilidade, liquidación e garantía de operacións mercantís. Ademais, e tamén como novidade aplicable en todas as liñas, o prazo das operacións poderá ampliarse de dous a catro anos cando as empresas solicitantes acheguen garantías reais, que non son necesarias neste programa.

O prazo de presentación de solicitudes ao amparo do programa de garantías re-Brote 2011 estará aberto inicialmente desde a próxima publicación das correspondentes bases reguladoras no DOG ata o 31 de outubro de 2011.

Con este programa, a Consellería de Economía e Industria completa o abano de instrumentos destinados a intensificar os apoios ao financiamento de circulante para autónomos, emprendedores, microempresas e empresas, especialmente afectados polas restricións crediticias.

---

O programa re-Brote complementará o re-Solve+, xa en vigor, e a liña xeral de avais do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). O re-Brote 2011 está destinado a facilitar o acceso a liñas de financiamento operativo adicional de empresas medianas e pequenas. Pola súa parte, a liña denominada re-Solve+, está orientada a facilitar o acceso ao circulante para as microempresas, as pemes e os autónomos.

Xunto coas principais entidades financeiras que operan en Galicia, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Industria, veu realizando durante os últimos anos un importante esforzo para subvencionar custos financeiros e compartir riscos mediante os programas re-Brote e re-Solve+; dada a situación económica actual en que persisten as restricións de crédito, a Consellería de Economía e Industria coida imprescindible que a administración manteña esta liña de traballo e comparta riscos co tecido empresarial, coas entidades financeiras e as SGR, mediante o afianzamento parcial de liñas de financiamento operativo.

O programa re-Brote 2011 permitirá garantir operacións de financiamento novas cun importe mínimo de 300.000 euros, e un máximo de risco por empresa beneficiaria entre todas as entidades financeiras colaboradoras de 3.500.000 euros. Servirá para facilitar o financiamento de pólizas de crédito para circulante, liñas de crédito para adianto de facturas, pólizas de xestión de pagamentos a provedores (*confirming*) ou pólizas de responsabilidade, liquidación e garantía de operacións mercantís.

O programa re-Solve+, pola súa banda, mantén en vigor tres liñas diferenciadas para financiar operacións de circulante, de refinanciamento de pasivos ou de ampliacións de capital destinadas a fortalecer a estrutura financeira das pemes, para garantir así a súa competitividade futura.

Coa posta en marcha do re-Brote 2011 o co re-Solve+ que xa está en vigor, a Xunta de Galicia dá un novo paso adiante nos compromisos asumidos a través do Igape para facer fronte ás restricións de crédito e facer posible que as empresas galegas poidan acceder ao financiamento que precisan para o seu financiamento operativo e para consolidar as súas estruturas financeiras e mellorar os seus niveis de competitividade.

---

## PRETO DE 3.300 PERSOAS DESEMPREGADAS BENEFICIARANSE DE DISTINTAS ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN LABORAL DOTADAS CON 3,8 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde que establecerá as bases para a posta en marcha dos programas integrados de emprego durante 2011 e 2012*
- *O orzamento deste iniciativa supera nun 150 por cento o que se investiu para os mesmos fins no período 2010-2011*
- *Estas actuacións son medidas dirixidas á inserción laboral, a través dun tratamento integral que combina accións de orientación, formación práctica laboral e mobilidade xeográfica*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá máis de 3,8 millóns para formar, orientar e insertar laboralmente preto de 3.300 parados a través dos programas integrados de emprego. Estas medidas están dirixidas aos desempregados galegos e, especialmente, aos colectivos máis vulnerables.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde que establecerá as bases para a posta en marcha destas iniciativas durante 2011 e 2012. O orzamento que se destina este ano para este fin supera nun 150 por cento o que se investiu co mesmo obxectivo no período 2010-2011, que contou cun investimento de 1,8 millóns de euros.

Os programas integrados de emprego son medidas activas de emprego, que buscan a inserción laboral dos participantes a través dun tratamento integral. Deste xeito, combinan distintas accións como a orientación e o asesoramento, a formación, a práctica laboral e a mobilidade xeográfica. Establécese, nestes programas, que o obxectivo de inserción laboral será do 30 ou do 35 por cento, segundo cal sexa o colectivo destinatario.

En concreto, estes programas van destinados especialmente aos colectivos máis vulnerables, considerados como prioritarios: persoas con discapacidade; persoas inmigrantes; desempregados en risco de exclusión social; perceptores de subsidio ou prestación por desemprego; colectivo de persoas desempregadas de longa duración; e mozos e mozas.

As entidades beneficiarias das axudas –que serán preto de 45- deberán ser corporacións locais ou entidades sen ánimo de lucro que acrediten experiencia en accións de inserción laboral.

---

## A XUNTA ACHEGARÁ 163.000 EUROS PARA A CREACIÓN DUN PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA NO CONCELLO DE BARALLA

- *O centro infantil atenderá a 20 nenos de entre 0 e 3 anos*
- *A Consellería de Traballo e Benestar porá en funcionamento ao longo deste ano 1.000 novas prazas para ese tramo de idade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Baralla en virtude do cal o departamento autonómico achegará 163.000 euros para a finalización das obras de rehabilitación dun punto de atención á infancia no devandito concello lugués.

A actuación contempla as actuacións de cerramento e particións interiores, alicatados e revestimentos interiores e exteriores, pavimentos e falsos teitos, instalación eléctrica e iluminación, pinturas, instalación de calefacción, acondicionamento exterior e instalación solar térmica.

A Consellería de Traballo e Benestar xa achegara, no marco doutro convenio asinado en novembro do ano pasado, 100.000 euros para unha primeira fase desas obras de rehabilitación para a creación dun punto de atención á infancia, que dará servizo a 20 nenos e nenas de 0 a 3 anos.

### **Planificación para 2011**

A creación e posta en funcionamento deste centro infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos en Baralla prodúcese no marco dun convenio de colaboración asinado entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de prazas públicas do primeiro ciclo de educación infantil.

A planificación da Xunta contempla a posta en funcionamento ao longo deste ano de arredor de 1.000 novas prazas en centros 0-3. Así, dende o pasado mes de xaneiro xa abriron as súas portas as novas escolas da Coruña-Eirís, Santiago-Tras Parlamento, Sada, Pontevedra-Universidade e Pontevedra-A Parda, e nas vindeiras semanas comezará a actividade na de Mos-Coto Torrón.

Na provincia de Lugo están previstos para este ano, ademais da de Baralla e do Incio –que comezou a funcionar en marzo-, novos centros nos concellos de Alfoz e Vilalba. Nestes dous últimos, tras rematar a redacción do proxecto, a licitación da obra de construción será remitida ao *Diario Oficial de Galicia* nos próximos días para a súa publicación. Tamén abrirá unha nova escola en Guntín ao longo do ano 2012.



---

## A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DUNHA PARCELA DO PXOM DE SANXENXO SOBRE A DA COMUNIDADE DE MONTES DE NOALLA

- ***A Consellería do Medio Rural resolveu favorablemente a prevalencia da utilidade pública deste proxecto sobre a do monte veciñal en man común da Comunidade de Noalla, no concello pontevedrés de Sanxenxo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de expropiación da parcela número 60 do ámbito territorial do Plan Parcial do Solo Urbanizable SU-22 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo sobre a do monte veciñal en man común pertencente á Comunidade de Montes de Noalla, no concello de Sanxenxo (Pontevedra). A superficie afectada é de 1.330 metros cadrados.

O Concello de Sanxenxo solicitou a declaración da prevalencia de utilidade pública deste proxecto de expropiación a finais do ano 2010. Seguidamente, o Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Pontevedra comunicou o expediente á Comunidade de Montes afectada por esta expropiación que, tras un período de 15 días, non presentou ningunha alegación.

Conforme a isto, a Dirección Xeral de Montes propuxo que se informe favorablemente a prevalencia da utilidade pública deste proxecto sobre a do monte veciñal en man común.

---

## **A XUNTA PRETENDE MELLORAR A DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS INCREMENTANDO O CONTROL DAS VERTE DURAS AOS COLECTORES E ASUMINDO A EXPLOTACIÓN DAS DEPURADORAS SE OS CONCELLOS O SOLICITAN**

- *O goberno galego xa está tramitando tres dos catro regulamentos que ten previsto aprobar este ano para desenvolver a Lei de augas*
- *Dótase os concellos dunha poderosa ferramenta subsidiaria para a inspección e control de verteduras que se producen ás redes de saneamento*
- *Para as verteduras non domésticas establécese a figura do permiso de vertedura á rede de saneamento, que deberá ser outorgada polas entidades xestoras do sistema de depuración*
- *As entidades locais poderán solicitar que a Xunta explore as máis de 150 depuradoras maiores de 2.000 habitantes que funcionarán en Galicia a finais de 2011*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da tramitación do regulamento marco da prestación do servizo de saneamento e depuración e do decreto de colaboración coas entidades locais, que desenvolven a Lei de augas*

A Xunta de Galicia xa está a tramitar o 75% dos regulamentos que desenvolven a Lei de augas previstos para este ano. Deste xeito estase a cumprir folgadoamente o compromiso do Goberno galego de tramitar ao longo deste ano 2011 os catro primeiros regulamentos co obxectivo de que entren en vigor en 2012.

O Consello da Xunta de hoxe foi informado do inicio da tramitación do regulamento marco da prestación do servizo de saneamento e depuración e do decreto de colaboración coas entidades locais, que se suman ao regulamento do Estatuto de Augas de Galicia, que xa superou o período de información pública (ata o momento chegaron once alegacións que se están a estudar). No verán, iniciarase a tramitación da cuarta norma prevista para este ano, o regulamento de réxime económico do canon da auga e do coeficiente de vertedura.

Ademais destes catro regulamentos, a Lei de augas será desenvolvida por, cando menos, outras dúas normas: o regulamento marco do servizo de abastecemento e o regulamento que determine o procedemento de tramitación dos plans galegos de abastecemento e saneamento.

### **Maior control das verteduras**

O regulamento do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia outorga ás entidades locais unha poderosa ferramenta para a inspección e

---

control das verteduras que se producen ás redes de saneamento, algo que polo de hoxe non ocorre.

Esta normativa establece unhas condicións mínimas que deberán cumprir todos os enganches que acheguen verteduras ás redes de saneamento, e que deberán ser esixidas polas entidades xestoras dos sistemas de saneamento, ben sexa os propios concellos ou as concesionarias que levan a cabo a xestión da depuración. Elementos coma un sifón, ou unha arqueta de rexistro para o caso das industrias, serán de obrigada instalación.

Para as verteduras non domésticos establécese ademais a figura do permiso de vertido, que deberá ser outorgado pola entidade xestora como requirimento para realizar vertidos á rede pública de saneamento. Neste documento estableceranse os parámetros máximos de contaminación da verteduras, así como o volume máximo que se poida verter; en caso de que non se acaden eses límites, o usuario estará obrigado a depurar a súa auga residual ata chegar a eles.

Na tramitación deste permiso deberá considerarse ademais a capacidade hidráulica da rede de saneamento e a capacidade de tratamento da estación depuradora, de modo que, se for caso, podería establecerse un horario de vertedura, a realización de controles, etc.

Coa información recompilada poderá realizarse un censo de verteduras aos sistemas públicos de saneamento, que se unan aos censos de verteduras ao dominio público hidráulico e ao marítimo-terrestre.

Regúlanse tamén as verteduras non canalizadas, como por exemplo de fosas sépticas, que só poderán realizarse se a instalación de depuración que realice o seu tratamento o permite.

Determínase que é responsabilidade da entidade xestora dos servizos públicos de saneamento e depuración a conservación das instalacións en bo estado de funcionamento, así como de que realicen o seu labor con eficacia.

O regulamento outorga ás entidades xestoras dos servizos públicos as facultades de inspección dos sistemas públicos de saneamento e depuración, sendo Augas de Galicia a encargada da supervisión xeral. A actuación inspectora é fundamental, e mediante este regulamento e debido a unha denuncia ou de oficio iniciarase, cando for o caso unha acción de inspección.

---

Con obxecto de garantir a eficacia do regulamento, as entidades locais deberán aprobar ou, se for o caso, adaptar as súas ordenanzas e regulamentos ao establecido neste regulamento. En tanto non suceda, este terá carácter supletorio, polo que dende o mesmo momento en que entre en vigor xa será unha ferramenta útil e efectiva. En concreto, será aplicable o réxime sancionador previsto na Lei de augas de Galicia, que xa prevé infraccións por verteduras ás redes públicas de saneamento que causen danos ás infraestruturas hidráulicas ou ben ao medio receptor.

### **Explotación das depuradoras**

No que se refire ao decreto de colaboración coas entidades locais, mantense o compromiso da Xunta de Galicia na colaboración técnica e financeira cos concellos en abastecemento e saneamento, e actualiza a normativa que o regula.

A maior novidade é o desenvolvemento dun modelo viable en que as entidades locais poderán solicitar á Xunta de Galicia a explotación das depuradoras de augas residuais. O anteproxecto de decreto prevé que os concellos poidan solicitar que a Xunta explote as EDAR maiores de 2.000 habitantes equivalentes, e excepcionalmente as maiores de 1.000 habitantes se veñen asociadas a outra dun tamaño maior. Isto faise así precisamente para aproveitar os efectos de escala que optimicen o rendemento e permitan axustar os custos de funcionamento. Para garantir a súa sustentabilidade, o comezo da explotación coincidirá co inicio do cobramento do coeficiente de vertedura, e coa lóxica supresión da taxa municipal de depuración. Deste modo asegúrase a xustiza tributaria entre concellos e a igualdade dos cidadáns a este respecto.

Por outra banda e na mesma liña de asegurar a mellor prestación de servizos posible, cando se aprecie a imposibilidade por parte da entidade local de cumprir coas súas obrigas, Augas de Galicia procederá a intervir o abastecemento ou a depuración co obxecto de devolvelo ás debidas condicións. Isto poderá suceder só excepcionalmente cando, por causa imputable á entidade local titular do servizo, as análisis incumpran reiteradamente a lexislación, se produzan cortes periódicos de auga, e outros casos moi taxados.

---

## MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 114.000 EUROS NA RECONSTRUCCIÓN DUN MURO DERRUÍDO NA ESTRADA CEE-RIBEIRA, AO SEU PASO POR OUTES, TRAS AS CHOIVAS DE XANEIRO

- *As medidas urxentes adoptadas foron: afastar o tráfico da beira da vía para evitar novos esvaramentos mediante o estreitamento do carril dereito e a sinalización adecuada mediante elementos luminosos de advertencia*
- *As obras estanse a levar a cabo no punto quilométrico 64+900, onde se produciu o derrubamento de 20 metros dun muro, xa que o noiro sobre o que se sustentaba quedou desnivelado polas choivas do pasado mes de xaneiro*
- *Ademais da reposición da parte derruída, tamén se reforzará a totalidade do muro que ten unha lonxitude de 50 metros o que incidirá na seguridade dos máis de 7.300 veciños de Outes*

A Consello da Xunta de Galicia autoriza o acordo polo que se aproba o trámite de emerxencia necesario para levar a cabo as obras de reconstrución dun muro derruído tras as choivas do pasado mes de xaneiro, situado na marxe dereita da estrada Cee-Ribeira (AC-550), ao seu paso polo Concello de Outes. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas inviste máis de 114.300 euros nesta actuación.

As medidas urxentes adoptadas no momento do acontecido foron afastar o tráfico da beira da vía para evitar novos esvaramentos do terreo mediante o estreitamento do carril dereito e a sinalización adecuada do estreitamento da vía mediante a colocación de elementos luminosos de advertencia para unha correcta percepción da modificación das características da estrada pola noite.

### **Obras que se levarán a cabo**

As obras, que comezaron o pasado mes de abril, estanse a levar cabo no punto quilométrico 64+900 da AC-550, onde se produciu o derrubamento de 20 metros dun muro. A causa deste derrubamento foi que o noiro sobre o cal se sustentaba quedou desnivelado polas choivas do pasado xaneiro. A partir da inspección realizada, conclúese como necesaria a reparación do noiro e a reconstrución dun muro de pedra que sosteña a plataforma da estrada.

Ademais da reposición da parte derruída, tamén se reforzará a totalidade do muro, que ten unha lonxitude de 50 metros, xa que existe risco de derruba cando as condicións meteorolóxicas sexan adversas. Esta obra incrementará a seguridade dos máis de 7.300 veciños de Outes.



### Outras actuacións na AC-550

Na estrada Cee-Ribeira (AC-550) a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está a levar a cabo obras por valor de máis de 46,5 millóns de euros. Unha das actuacións é a conexión co corredor Brión-Noia en Taramancos (Noia), que supón un investimento de máis de preto de 40 millóns de euros. Actualmente, estanse a levar a cabo os labores de roza e drenaxe. Outras dúas actuacións son o reforzo do piso, a sinalización e barreiras entre o punto quilométrico 12+450 e o p.q 40+400, cun investimento de 6,8 millóns de euros, e a mellora da seguridade vial nun treito de concentración de accidentes (TCA) en Porto do Son, entre o p.q 98+900 e o p.q 99+800, cun investimento de preto de 787.000 euros.

---

## O EXPEDIENT-E ÚNICO DO PROFESIONAL CENTRALIZA E UNIFICA OS MÉRITOS DO PERSOAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- ***Actualmente desenvólvese a segunda fase de implantación do proxecto e a partir de xuño será visible a través da web***
- ***Esta iniciativa terá un impacto positivo non só para os 38.000 profesionais que traballan na Administración sanitaria, senón, tamén, para aquelas persoas que se atopan nas listas de contratación temporal con expectativa de emprego***

A Consellería de Sanidade continúa desenvolvendo o aplicativo informático que permitirá centralizar e unificar os méritos de todas e todos os traballadores do sistema sanitario público galego, a través da xestión e o tratamento eficiente do seu curriculum vitae.

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou o Consello da Xunta desta aplicación, denominada *Expedient-e único do profesional*, que está na segunda fase de desenvolvemento e a partir de xuño todos os profesionais poderán acceder a ela a través de páxina web.

Co *Expedient-e* os méritos relacionados coa experiencia profesional, formación continuada e posgrao, docencia e investigación, así como outras actividades, serán achegados unha única vez polo profesional, e entenderanse presentados para todos os procesos xestionados na área de recursos Hhumanos en que o profesional queira participar, o que elimina a necesidade de presentación de documentación por cada convocatoria.

Ademais, conseguírase unha resolución máis áxil dos procesos que impliquen a baremación de méritos (traslados, contratación temporal, procesos selectivos, acomplamentos internos, carreira profesional, entre outros), así como a redución das reclamacións e un importante aforro de papel e outros recursos materiais.

Outra das vantaxes será a modernización da xestión e un incremento da calidade do servizo aos profesionais, posto que o sistema contará con toda a información actualizada sobre o seu currículum vitae, permitindo a cada traballador facer un seguimento dos procesos en que decide intervir a través de consulta do estado dos seus méritos e conseguindo, deste xeito, un sistema áxil e transparente.

En consecuencia, o *Expedient-e único* terá un impacto positivo non só para os 38.000 profesionais que traballan na Administración sanitaria, senón, tamén, para aquelas persoas que se atopan nas listas de contratación temporal con expectativa de emprego.

---

A conselleira de Sanidade explicou as fases de desenvolvemento da operativa e avanzou que o aplicativo terá visibilidade antes de rematar o primeiro semestre do ano e xa está previsto que as novas listas de contratación temporal se xeren conforme este novo sistema no último trimestre do ano. Os centros do Servizo Galego de Saúde xa teñen instrucións para pór en marcha a nova operativa.



---

## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ESTÁ A ELABORAR UN PLAN DE ACOLLIDA PARA O PERSOAL DE NOVO INGRESO COA FIN DE CONTRIBUÍR Á SÚA INTEGRACIÓN E AFRONTAR OS RETOS DOS PRÓXIMOS ANOS

- *A semana que vén comezará o prazo de toma de posesión de médicos de familia, auxiliares de enfermaría e enfermeiras/os*
- *Sanidade estableceu protocolos de actuación entre informática, xerencias e servizos centrais, coa finalidade de minimizar calquera incidencia relativa aos movementos de persoal que poida repercutir na asistencia*
- *Mediante o Plan de Acollida, o departamento que dirixe Pilar Farjas persegue situar os profesionais como protagonistas esenciais do proceso de modernización da sanidade pública galega*
- *Nestes dous primeiros anos de lexislatura, estabilizáronse na nosa comunidade 4.000 profesionais da sanidade pública*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijoo vén de abordar un informe da Consellería de Sanidade, no cal se dá conta dos resultados da Oferta Pública de Emprego 2009 do Servizo Galego de Saúde e dun Plan de Acollida para o persoal de novo ingreso.

Así, tal e como se recolle neste informe do departamento que dirixe Pilar Farjas, durante o primeiro semestre de 2011 elixiron destino, e iniciáronse as tomas de posesión, dos 2.911 profesionais de 36 categorías, que acadaron praza en virtude da OPE 2009. Case o 60% é persoal de enfermaría.

Con carácter previo á adxudicación de praza resolveuse o concurso de traslados das categorías, que propiciou que máis de 2.000 profesionais cambiasen de destino buscando o que mellor se adapta ás súas circunstancias persoais.

Ao mesmo tempo, tamén elixiron destino, e o día 9 de maio tomarán posesión, os 654 licenciados sanitarios de atención primaria (médicos, farmacéuticos, pediatras e odontólogos). Xunto con este proceso, resolveuse a OPE de psiquiatría do ano 2006, paralizada por decisión xudicial.

Así, nestes primeiros dous anos de lexislatura estabilizáronse 4.000 profesionais da sanidade pública na nosa comunidade.

En consecuencia, aproveitando que a semana que vén comezará o prazo de toma de posesión de médicos de familia, auxiliares de enfermaría e enfermeiras/os, e dado o volume de movementos que se van producir, xa que a toma de posesión é conxunta para o persoal da OPE e de traslados, establecéronse protocolos de actuación entre

---

informática, xerencias e servizos centrais, coa finalidade de evitar que tal volume de movementos de persoal repercuta na asistencia.

### **Plan de Acollida**

Por mor da incorporación de todos estes novos profesionais, o departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía vén de elaborar un Plan de Acollida de Persoal de novo ingreso, e no cal se recollen os valores, cultura e, en definitiva, o que identifica o Servizo Galego de Saúde como organización.

Con esta iniciativa, enmarcada dentro da Estratexia Sergas 2014, a Administración sanitaria galega pretende acoller e dar a benvinda aos novos profesionais, así como mostrarlles a organización en que van traballar. Tamén servirá para darlles a información transversal que lles axude a entender o valor de traballar no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Perséguese pois, con este plan, situar os profesionais, principal activo da organización, como protagonistas esenciais do proceso que se está levar a cabo na sanidade pública galega, posto que sen todas e todos os profesionais, e sen os seus coñecementos e competencias, non sería posible a asistencia que se presta.

O Plan establece criterios comúns para o Sergas no proceso de incorporación de novos profesionais; implica de forma activa toda a organización no proceso de acollida; dota de especial relevancia a figura do mando intermedio; crea a figura do titor designado, e, ademais, fai mención específica á incorporación e integración de profesionais con discapacidade recoñecida.

O documento establece unha sistemática das accións para realizar na incorporación dun novo profesional e establece os contidos mínimos do manual de acollida que elaborará cada xerencia. Os manuais de acollida e integración para o persoal de novo ingreso conterán información relativa aos trámites burocráticos e demais aspectos prácticos que debe coñecer o persoal de novo ingreso, para, deste xeito, facilitar a súa rápida integración. Estes manuais serán validados pola Dirección de Recursos Humanos do Sergas e incluídos na intranet da Administración sanitaria.

Entre os aspectos nos cales se informa o novo profesional a través do Plan están os dereitos e deberes dos pacientes e o segredo profesional; a formación continuada do traballador; a súa xornada de traballo na organización; as medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral; os seus dereitos e deberes; a negociación colectiva e a representación do persoal; as normas básicas de convivencia; a información de prevención de riscos laborais; ou como actuar en casos de accidente de traballo, emerxencia ou violencia.

---

En definitiva, o que pretende o Servizo Galego de Saúde coa posta en marcha deste plan é recibir, nun ambiente laboral de cordialidade, respecto e entendemento, os novos profesionais que se vaian incorporando ao Sergas, o que, sen dúbida, é indispensable para o correcto funcionamento da organización e, en definitiva, para prestar un servizo sanitario de calidade as 24 horas do día, os 365 días do ano.

O Plan complementábase cun espazo propio na intranet do Sergas e con unidades formativas de distintas materias como a prevención de riscos laborais, a responsabilidade social corporativa ou os dereitos e deberes dos pacientes, entre outros.

---

## O CONSELLO DA XUNTA INFORMA DE QUE A APERTURA OFICIAL DO PARQUE ARQUEOLÓXICO DA ARTE RUPESTRE EN CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA) SERÁ ENTRE XULLO E AGOSTO

- *O Parque Arqueolóxico, desenvolvido ao abeiro do programa da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico (RGPA), é unha ambiciosa infraestrutura cultural chamada a converterse nun referente internacional na xestión integral da arte rupestre, promovendo e desenvolvendo actuacións relacionadas coa conservación, investigación e presentación ao público dos petróglifos de Galicia*
- *Neste mes de maio, o Parque Arqueolóxico acollerá unhas xornadas dirixidas a distintos colectivos como turoperadores ou xornalistas, visitas de participantes dos distintos congresos de carácter científico e a celebración do primeiro Forum Internacional do Itinerario Cultural Europeo*

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe acerca do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre en Campo Lameiro (Pontevedra). Desenvolvido ao abeiro do programa da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico (RGPA), o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre constitúe unha ambiciosa infraestrutura cultural chamada a converterse nun referente internacional na xestión integral da arte rupestre, promovendo e desenvolvendo actuacións relacionadas coa conservación, investigación e presentación ao público dos petróglifos de Galicia. Segundo o informe presentado esta mañá pola Consellería de Cultura e Turismo, a apertura oficial do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre será entre os meses de xullo e agosto.

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre configúrase a partir da adición de dous recursos complementarios. Dunha banda, o Centro de Interpretación e Documentación, un equipamento cultural concibido como centro de referencia para a investigación e conservación dos nosos petróglifos, pero tamén como un espazo para o lecer intelixente. O segundo recurso é unha extraordinaria paisaxe cultural, de case 22 hectáreas de extensión, na cal é posible observar un conxunto extraordinario de petróglifos no contexto ambiental que lles dá sentido.

A execución do Centro de Interpretación e Documentación da Arte Rupestre e o acondicionamento da área arqueolóxica anexa foi financiada pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e polo Ministerio de Fomento con cargo ao 1% Cultural. A montaxe expositiva e os restantes investimentos foron realizados integramente pola Consellería de Cultura e Turismo. O investimento acadou os 10,6 millóns de euros, dos cales a Xunta de Galicia forneceu 7,2 millóns, o 68% do total.

### **Interpretación e investigación**

Conceptualmente, a proposta arquitectónica para o centro de interpretación e documentación concibe un edificio compacto, pétreo, configurado a partir dun volume principal alongado, de 108 x 16 metros, que voa sobre o camiño de acceso ao parque arqueolóxico. Construído en dous andares e de 3.500 m<sup>2</sup> de superficie, o centro dedica o primeiro andar ao espazo expositivo –estable e temporal- e incorpora tamén a tenda e a cafetaría. O segundo andar contará, ademais de coas dependencias vinculadas á administración do complexo, con espazos dedicados á investigación e documentación dos petróglifos de Galicia –biblioteca, arquivo, laboratorio, salas de guías e investigadores- e con ámbitos funcionais máis específicos –aulas e seminario-

O proxecto expositivo concibido para o centro de interpretación e documentación ten a súa orixe no desexo de xerar un equipamento expositivo moderno, intelectualmente suxerente e visualmente atractivo. A idea é xerar un discurso explicativo no cal o rigor científico conviva coa orixinalidade e a espectacularidade, no cal as ideas e emocións flúan de maneira didáctica e lúdica a través do emprego de diferentes niveis de lectura e de diferentes soportes expositivos.

### **22 hectáreas de extensión**

O parque arqueolóxico conta con 21,8 hectáreas de terreos de titularidade pública da Xunta de Galicia, anexos ao centro de interpretación e documentación, que permiten gozar dunha extraordinaria paisaxe cultural na cal os petróglifos son a parte máis conspicua. Máis de oitenta paneis con gravados rupestres, agrupados nun considerable número de estacións, permiten contemplar os motivos e escenas máis salientables dos petróglifos galegos e, ao tempo, comprender os seus patróns de distribución espacial e a súa vinculación a determinados fitos da paisaxe.

O paseo pola área arqueolóxica realizarase a partir dunha rede de carreiros acondicionados, debidamente sinalizados, que enlazan as distintas estacións rupestres, e se complementa coa existencia de diversos elementos de consumo amable e coa visita á recreación dunha aldea da Idade do Bronce, un espazo máis vivencial que se orienta á comprensión dos procesos e actividades vinculados á vida cotiá dos nosos devanceiros da Idade do Bronce.

### **Programa de actividades**

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre en Campo Lameiro está a desenvolver un programa de actividades previo á apertura oficial. O pasado 30 de abril celebrouse unha xornada de portas abertas e, neste mes de maio, haberá xornadas dirixidas a distintos colectivos como turoperadores, xornalistas e especialistas na materia. Do mesmo xeito, promoverase a celebración do primeiro Forum Internacional do Itinerario

---

Cultural Europeo, do 25 ao 27 de maio, co obxecto de planificar as actividades culturais e turísticas deste para os vindeiros anos.

O próximo 26 de maio, o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre acollerá a entrega do distintivo de Itinerario Cultural do Consello de Europa aos representantes da asociación internacional *Camiños de Arte Rupestre Preshistórica* (CARP) polo seu proxecto 'Camiños de Arte Rupestre'. A concesión deste distintivo foi acordada no mes de maio de 2010.

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, as áreas arqueolóxicas pontevedresas da Caeira (Poio), Tourón (Ponte Caldelas) e os petróglifos de Mogor (Marín) forman parte do proxecto 'Camiños de Arte Rupestre' xunto a outras cen áreas europeas de grande interese científico, cultural e artístico.

Todos estes bens conformarán unha gran rede aberta para o coñecemento da sociedade europea e mundial. Esta rede permitirá, ademais, desenvolver actividades conxuntas de estudo científico, formación de expertos, conservación, difusión sociocultural e turismo sustentable. No seu conxunto ofrece ata 120 grandes destinos arqueolóxicos e rupestres de grande interese científico, cultural, artístico e arqueolóxico, todos eles abertos ao coñecemento e goce da sociedade europea e mundial, destinos que actualmente suman máis de un millón de visitantes ao ano.

Este itinerario foi promovido, desde 2008, pola Asociación Internacional Camiños de Arte Rupestre Prehistórica (A.I. CARP), e conta co apoio de 30 institucións e organismos oficiais de España, Francia, Portugal, Noruega, Italia e Irlanda.